

## **Recomendacións previas á matrícula de Probas Libres**

(Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación)

1. As persoas aspirantes serán convocadas nun **único chamamento** para a xornada de acollemento, e para cada parte da proba

**Deberán ter consigo o Documento Oficial de Identidade**, NIE, pasaporte ou documento de identidade da Unión Europea, xa que en calquera momento se lles pode requirir que acrediten a súa identidade.

2. As persoas matriculadas serán convocadas a unha **Xornada de acollemento** onde se lles dará información e instrucións para a realización das probas. Esta terá lugar o **luns 1 de xuño ás 19:00h** no **Salón de Actos** do centro.

A asistencia a esta xornada é de carácter obrigatorio (agás causa xustificada). Quen non asista causará baixa de oficio.

3. As persoas matriculadas **deberán presentarse a todos os módulos nos que estean matriculados e ás dúas partes da proba de cada módulo**, de non ser así causarán baixa de oficio.

(Non se presentarán á 2ª parte de proba cando non superen a 1ª parte, xa que esta é eliminatoria. As puntuacións obtidas serán expostas no taboleiro de anuncios así como na páxina web do centro, mais no caso de existir algún erro ou diferenza entre a información publicada na web e a publicada no centro, terá validez oficial esta última).

É importante antes de formalizar a matrícula consultar o calendario e horario das probas e as programacións dos módulos que estarán accesibles na biblioteca do centro e na web.

As persoas que causen **baixa de oficio** perderán a condición de persoa matriculada na proba, polo que:

- non se terá en conta ningunha cualificación
- non poderán presentar unha solicitude de inscrición nas probas do curso académico seguinte agás que haxa vacantes logo de resolto o proceso de admisión.

4. Quen desexe **solicitar a validación dalgún módulo profesional** deberao facer constar no momento de presentar a solicitude de matrícula para as probas (Cubrir modelo de instancia Anexo XIV Orde 12 de xullo de 2011 e xuntar documentación). As persoas pendentes de validación nalgún módulo deberán presentarse a proba do correspondente módulo profesional.